Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000
E-mail:concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DO CONCURSO DE CARTEIS DA "LXII FESTA DA LAMPREA": CATEGORÍA LIBRE CELEBRADA O DÍA 2 DE FEBREIRO DE 2022.

Á vista das bases do concurso de carteis da "LXII Festa da Lamprea": Categoría Libre aprobadas pola Alcaldía por resolución nº 648/2021 de 15.12.2021 para deseñar o cartel para "LXII Festa da Lamprea" promovendo así a principal festa gastronómica do Municipio que terá lugar os día 22,23 e 24 de abril do ano 2022.

Reunidos o día 2 de febreiro de 2022, ás 13:00 h., os membros do xurado que a seguido se relacionan designados por Resolución da Alcaldía nº 30/2022 de data 26.01.2022:

-Teodoro de Francisco Antes, Arquitecto Municipal do Concello de Arbo.
-Lucía Costa Pereira, Secretaria da "Asociación Deportiva C. Fútbol de Arbo"
-María Praxedes Francisco, representante do BANCO SANTANDER, en representación do ámbito empresarial.
-María Saladina Alonso Fernández.
Secretaria: Patricia Hernández Estévez, Secretaria do Concello de Arbo, que terá voz pero non voto.

Ausentes: Xerente de Restaurante A Rula, en representación do ámbito da hostalería, que escusa a súa asistencia.

Está presente no acto o Sr. Alcalde, e non asiste o Sr. Concelleiro de Cultura.

Tendo en conta que nas bases se establecen tres premios:
1º Premio: 800,00 euros.
2º Premio: 400,00 euros.
3º Premio: 200,00 euros.

Unha vez rematado o prazo para a entrega das propostas o 17.01.2022, preséntanse en prazo sete (7) sobres pechados e debidamente selados na oficina de correos e rexistrados de entrada no Concello.

Tras o exame das propostas de cartel presentadas en prazo, o xurado acorda admitir as sete (7) propostas recibidas, ao terse presentado en forma e prazo conforme ao disposto na base 3ª das Bases do Concurso aprobadas.

Unha vez examinadas por parte dos membros do xurado as sete (7) propostas presentadas e admitidas, e tras establecer o resultado da súa valoración en base aos criterios fixados nas bases e relativos á creatividade, o impacto visual e a súa relación coa filosofía do evento, resultan os tres carteis premiados, procedendo á apertura dos sobres pechados nos que figuran os nomes e identificación dos autores dos mesmos, sendo o resultado o seguinte e pola orde que se reflicte:

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000
E-mail:concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

As obras non premiadas devolveranse aos seus autores, podendo estes pasar a recollelas polas dependencias municipais a partir do quinto dia posterior ao fallo do xurado no mesmo lugar onde foron entregadas.

Non sendo outro o obxecto desta reunión, levántase a presente en Arbo a 02.02.2022, sendo asinada polos asistentes en mostra da súa conformidade.

Teodoro de Francisco Antes, Arquitecto Municipal do Concello de Arbo.

Lucía Costa Pereira, Secretaria da "Asociación Deportiva C. Fútbol de Arbo"

María Praxedes Francisco, representante do BANCO SANTANDER

María Saladina Alonso Fernández.

María Saladina Alonso Fernández

A Secretaria, dando fe do acto, Patricia Hernández Estévez

CONCELLO DE ARBO • PONTEVEDRA •